



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
xefe do Servizo de Administración e
Xestión Patrimonial

Vogais: Dna. María Teresa Hermo
Mato, xefa do Servizo de Fiscalización
e Contabilidade da Intervención
Delegada da Consellería de Facenda
Dna M^a Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de
Facenda

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral
de Orientación Laboral da Dirección
Xeral de Orientación e Promoción
Laboral da consellería de Economía,
Emprego e Industria

Secretario: D. Santiago Llovo
Taboada, xefe do servizo de Xestión de
Riscos e Seguros

En Santiago de Compostela, a 14 de
decembro de 2018, sendo as 13.00
horas, reúnense na sala de Xuntas do
edificio administrativo da rúa Pastoriza,
8, a mesa composta polos membros que
á marxe se relacionan, para a apertura
do sobre A do concurso para a compra
dun inmovible no concello de Cangas con
destino a oficina de emprego.

Iníciase o acto polo señor presidente dando lectura á certificación expedida polo
Rexistro xeral no que constan tres ofertas presentadas:

Gumersinda Estévez Prieto
Pesquera Señal SL e familia Lemos Vizcaya
Clemente Bernárdez Fonseca

Concurso compra inmovible en Cangas- Acta 1



A continuación procédese á apertura do Sobre A das propostas presentadas correspondente á documentación administrativa.

Examinada a documentación presentada por Gumersinda Estévez Prieto, obsérvase a existencia do Anexo I asinado por Gumersinda Estévez Prieto e dunha autorización por escrito na que se indica que tamén son propietarios do inmovible ofertado, Josefa Maquieira Carrera, Pilar Maquieira Carrera e Ángela Rodríguez Maquieira. Posto que non se aporta poder de representación, a mesa acorda outorgar un prazo de tres días hábiles para que se aporte o poder notarial de representación ou ben, un Anexo I asinado por todos os propietarios.

Examinada a documentación presentada por Pesquera Señal SL e pola familia Lemos Vizcaya obsérvase que a documentación administrativa non presenta deficiencias toda vez que se aporta a escritura de constitución e de apoderamento de Pesquera Señal SL, e o Anexo I asinado polos administradores mancomunados, e por outra banda o Anexo I asinado por Pedro Lemos Vizcaya, Arturo Lemos Vizcaya, Tomás Lemos Vizcaya, Concepción Vizcaya Martínez e Luis Lemos Vizcaya.

Examinada a documentación presentada por Clemente Bernárdez Fonseca obsérvase que a documentación administrativa non presenta deficiencias.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 13.15 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

O secretario

Santiago Llovo Taboada

Pola Intervención Delegada

María Teresa Hermo Mato

A asesora xurídica

Mª Carmen Rodríguez Mujico

O representante da Consellería
solicitante

Jesús Sanjurjo Paz



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
xefe do Servizo de Administración e
Xestión Patrimonial

Vogais: Dna. María Teresa Hermo
Mato, xefa do Servizo de Fiscalización
e Contabilidade da Intervención
Delegada da Consellería de Facenda
Dna M^a Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de
Facenda

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral
de Orientación Laboral da Dirección
Xeral de Orientación e Promoción
Laboral da consellería de Economía,
Emprego e Industria

Secretario: D. Santiago Llovo
Taboada, xefe do servizo de Xestión de
Riscos e Seguros

En Santiago de Compostela, a 18 de
decembro de 2018, sendo as 10.00
horas, reúnense na sala de Xuntas do
edificio administrativo da rúa Pastoriza,
8, a mesa composta polos membros que
á marxe se relacionan, para a apertura
do sobre B do concurso para a compra
dun inmovible no concello de Cangas con
destino a oficina de emprego.

Iníciase o acto polo señor presidente dando conta dos correos electrónicos remitidos polos ofertantes, nos que se da conformidade ao cambio de data producida para a apertura da oferta económica respecto da data anunciada no DOG nº 212 do 7 de novembro de 2018.

Concurso compra inmovible en Cangas- Acta II



A continuación procédese á apertura do sobre B das propostas presentadas correspondente á oferta e documentación técnica.

Clemente Bernárdez Fonseca oferta un local na rúa A Guarda 13 de Cangas polo prezo de 420.000 €. Comprobada a documentación técnica solicitada obsérvase que non presenta deficiencias.

Gumersinda Estévez Prieto, Josefa Maquieira Carrera, M^a Pilar Maquieira Carrera e Ángela Rodríguez Maquieira ofertan un local na avenida de Lugo nº 20 por importe de 414.000 €. Comprobada a documentación técnica solicitada obsérvase que a mesma presenta as seguintes deficiencias: a oferta económica (Anexo II) só está asinada por Gumersinda Estévez Prieto e nos estatutos, non compulsados, non figura a posibilidade de tocar a fachada nin se aporta autorización da comunidade de propietarios. A mesa acorda outorgar un prazo de tres días hábiles para a subsanación destas circunstancias.

Pesquera Señal SL e a familia Lemos Vizcaya ofertan dous locais contiguos na rúa Atranco 15. Apórtanse dous anexos II correspondente á oferta económica por parte de Pesquera Señal SL no que se establece un prezo de 197.500 € e cinco anexos II pola familia Lemos Vizcaya no que se establece un prezo de 167.500 €. Á vista do anterior a mesa acorda solicitar aclaración sobre se o prezo total ofertado é de 197.500 e 167.500 €. Compróbase ademais que falta a documentación do rexistro da propiedade por parte da familia Lemos Vizcaya así como o último recibo pagado en concepto de IBI, e ambas propostas non achegan os estatutos nin autorización da comunidade de propietarios para actuar sobre a fachada. A mesa acorda outorgar un prazo de tres días hábiles para a subsanación destas circunstancias.

Finalmente a mesa acorda solicitar informe técnico das propostas presentadas, pedindo especial aclaración da superficie exacta do inmovible ofertado por Clemente Bernárdez Fonseca e do cumprimento dos requisitos mínimos pola súa condición de semisoto, e da superficie exacta da proposta presentada por Pesquera Señal SL e a familia Lemos Vizcaya.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 11.15 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

O secretario

Santiago Llovo Taboada

Pola Intervención Delegada

María Teresa Hermo Mato

A asesora xurídica

Mª Carmen Rodríguez Mujico

O representante da Consellería
solicitante

Jesús Sanjurjo Paz



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
xefe do Servizo de Administración e
Xestión Patrimonial

Vogais: Dna. María Teresa Hermo
Mato, xefa do Servizo de Fiscalización
e Contabilidade da Intervención
Delegada da Consellería de Facenda
Dna M^a Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de
Facenda

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral
de Orientación Laboral da Dirección
Xeral de Orientación e Promoción
Laboral da consellería de Economía,
Emprego e Industria

Secretario: D. Santiago Llovo
Taboada, xefe do servizo de Xestión de
Riscos e Seguros

En Santiago de Compostela, a 20 de
decembro de 2018, sendo as 13.00
horas, reúnense na sala de Xuntas do
edificio administrativo da rúa Pastoriza,
8, a mesa composta polos membros que
á marxe se relacionan, para a análise das
propostas presentadas no concurso de
Cangas ao abeiro do informe elaborado
polo Servizo de Investigación
Patrimonial e Obras.

Iníciase o acto polo señor presidente dando conta do informe elaborado o 20 de decembro de 2018 pola xefa do Servizo de Investigación Patrimonial e Obras.



Da análise da oferta presentada por Gumersinda Estévez Prieto, Josefa Maquieira Carrera, M^a Pilar Maquieira Carrera e Ángela Rodríguez Maquieira, a técnico informa que non cumpre cos requisitos mínimos esixidos no prego ao non estar en condicións de cumprir coa normativa de accesibilidade, posto que a data de hoxe ningún dos acceso ás dúas rúas que ten o local conforma un recorrido accesible atendendo á normativa actual. Por outra banda, ofértase 590 m² cando o local dispón de 659,99 m² polo que estaría sen realizar a segregación e, en consecuencia, non coincide a oferta realizada co título de propiedade nin coa nota simple informativa do Rexistro da Propiedade, de conformidade coa cláusula 7.4.2 do prego de condicións.

A oferta presentada por Pesquera Señal SL e a familia Lemos Vizcaya non cumpre coa superficie mínima esixida no prego de 590 m² fronte aos 390 m² ofertados.

Por último a oferta presentada por Clemente Bernárdez Fonseca non cumpre coa superficie mínima esixida no prego ao ofertar un local de 500 m² fronte aos 590 m² requiridos e tampouco se cumpre co requisito de ser local comercial en planta baixa con nivel de solo rematado á mesma cota da rúa, posto que o solo do local se atopa a unha cota inferior ao nivel da rúa de 0,86 cm. na zona máis favorable do local.

O presidente informa que se requiriu a Gumersinda Estévez Prieto, Josefa Maquieira Carrera, M^a Pilar Maquieira Carrera e Ángela Rodríguez Maquieira para que subsanaran as deficiencias do sobre B, téndose aportado documentación complementaria correctamente. Respecto de Pesquera Señal SL e a familia Lemos Vizcaya, aínda non transcorreron os 3 días hábiles concedidos para a subsanación.

Posto que a subsanación por parte de Pesquera Señal SL e a familia Lemos Vizcaya non afecta aos requisitos mínimos do inmovible esixidos na cláusula terceira do prego de condicións, a mesa acorda por unanimidade propoñer a declaración de deserto do concurso para a compra dun inmovible en Cangas en base ás consideracións realizadas pola xefa do Servizo de Investigación Patrimonial e Obras no seu informe.



Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 13.30 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

O secretario

Santiago Llovo Taboada

Pola Intervención Delegada

María Teresa Hermo Mato

A asesora xurídica

Mª Carmen Rodríguez Mujico

O representante da Consellería
solicitante

Jesús Sanjurjo Paz

Patr / AFS
OTI-2018-0051

Asunto: INFORME DE VALORACIÓN DA OFERTA PRESENTADA PARA A ADQUISICIÓN ONEROSA POR CONCURSO DUN INMOBLE EN CANGAS. (PONTEVEDRA)

1. ANTECEDENTES

Con data de 9 de outubro de 2018, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda aproba a resolución pola que se anuncia o procedemento para a compra, por concurso, dun inmovible no concello de Verín con destino a oficina de emprego (DOG de 16 de outubro de 2018).

Con data de 31 de outubro de 2018 se aproba resolución pola que se anuncia a modificación da superficie mínima (DOG 7 de novembro de 2018)

2. REQUISITOS MÍNIMOS EXISIDOS NO PREGO DE CONDICIÓN QUE REXE O CONCURSO:

As características que debe cumprir o inmovible (apartado 3 do prego de condicións do concurso), quedando excluídas as ofertas que non o cumpran, son as seguintes:

- 1.- Uso: o inmovible deberá permitir o seu uso como oficina de emprego.
- 2.- Configuración: local comercial en planta baixa con nivel de solo rematado á mesma cota da rúa. Caberá a posibilidade de ofertar conxuntamente unha planta baixa e unha primeira planta ou entreplanta sempre que estean comunicadas interiormente. O acceso deberá ser directo dende a vía pública.
- 3.- Situación: Núcleo urbano do concello de Cangas. (Pontevedra)
- 4.- Superficie: Superficie mínima de 590 m2 construídos e máxima de 750 m2 construídos.
- 5.- Características: non será necesario a existencia dun acondicionamento mínimo, posto que estas obras correrán por conta da Administración autonómica, quedando excluída calquera oferta de inmobles que se atopen nun estado de ruína, aínda que non estea declarada formalmente polo concello, ou o local propiamente ou o inmovible no que se sitúe conte cunha inestabilidade estrutural manifesta. Deberá contar coas acometidas de auga, electricidade, saneamento e os demais servizos necesarios.

O inmovible deberá cumprir coa normativa urbanística. Ademais, deberá estar en condicións de cumprir co resto da normativa, con especial incidencia en materia de accesibilidade e incendios.

Poderá ofertarse a agrupación ou agregación de inmobles, dado o seu carácter de contiguo, permitindo constituír un único inmovible, sempre que dita actuación estea permitida pola normativa urbanística e normativa de propiedade horizontal e tal agrupación cumpra coa totalidade as características esixidas neste apartado.

Os inmobles ofertados deberán cumprir as condicións mínimas esixidas neste apartado, resultando excluídas en caso contrario.

3. OFERTAS PRESENTADAS:

OFERTA Nº 1: GUMERSINDA ESTEVEZ PRIETO.

OFERTA Nº 2: PILAR LORENZO PARCERO (PESQUERA SEÑAL, SL) E ANTOLÍN FERRAL DÍAZ.

OFERTA Nº 3: CLEMENTE BERNARDEZ FONSECA.



4. ANALISE E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS:

OFERTA Nº 1: GUMERSINDA ESTEVEZ PRIETO

1-. DOCUMENTACIÓN DA OFERTA:

ANEXO II: Situación do local: Avda. de Lugo, 20. Cangas.
 Superficie: 590 m2
 PREZO: 414.000 €

DESCRIPCIÓN DO LOCAL NO REXISTRO DA PROPIEDAD

Local en planta baixa do edificio sinalado con número 20 da avenida de Lugo de Cangas destinado a fines comerciais. Conta con 658,99 m2 de superficie útil.

2-. INFORME E ANÁLISE DA OFERTA.

Se realizada visita ao inmovible da oferta presentada o día 19 de decembro de 2018, acompañada por persoal da consellería de Economía, Emprego e Industria.

A continuación se procede a realizar unha análise da documentación técnica presentada no sobre B e a do resultado da visita:

USO: as normas subsidiarias de Cangas prevé o uso de oficina ou administrativo en solo urbano como uso permitido.

CONFIGURACIÓN: o local se atopa, en planta baixa do edificio: Con acceso directo dende a avenida de Lugo e dende a rúa Andalucía.

SITUACIÓN: o local se atopa en solo urbano do núcleo de Cangas.

SUPERFICIE: se solicita unha superficie de 590 m2 - 750 m2.

A superficie do local no rexistro da propiedade é de 659,99 m2 que se corresponde coa totalidade do baixo de todo o edificio.

Na oferta se comprometen 590 m2 pero falta por realizar a segregación desta parte do local tanto en escritura pública como fisicamente no local. (O día da visita ao local, o propietario comprometeuse a realizala segregación en caso de que se produza a venta).

CARACTERÍSTICAS DO LOCAL:

O local esta acondicionado por estar en uso antigamente. Se atopa todo ao mesmo nivel e conta con acceso a dúas rúas pero ningún deles formarían parte dun recorrido accesible tal e como obriga a normativa de accesibilidade.

Conta con acometidas de auga, electricidade, telecomunicacións e gas canalizado.

3-. CONCLUSIÓN

Este local non cumpre cos requisitos mínimos de estar en condicións de cumprir coa normativa de accesibilidade e que a segregación do local ofertado están sen realizar.



OFERTA Nº 2: PILAR LORENZO PARCERO (PESQUERA SEÑAL, SL) E ANTOLÍN FERRAL DÍAZ.

1-. DOCUMENTACIÓN DA OFERTA:

Se ofrecen dou locais de dous propietarios distintos:

LOCAL 1: ANEXO II: Situación do local: Atranco, 15. Cangas.

Superficie: 264 m²

PREZO: 195.500 €

LOCAL 2: ANEXO II: Situación do local: Atranco, 15. Cangas.

Superficie: 126 m²

PREZO: 167.500 €

DESCRIPCIÓN DOS LOCAIS NO REXISTRO DA PROPIEDAD:

LOCAL 1: Baixo comercial en planta baixa con fronte á rúa Atranco de 120 m².

LOCAL 2: Local comercial situado en planta baixa sito na rúa Atranco, e que conta cunha superficie construída de 264 m².

2-. INFORME E ANÁLISE DA OFERTA.

Se realizada visita ao inmovible da oferta presentada o día 19 de decembro de 2018, acompañada por persoal da consellería de Economía, Emprego e Industria.

A continuación se procede a realizar unha análise da documentación técnica presentada no sobre B e a do resultado da visita:

USO: as normas subsidiarias de Cangas prevé o uso de oficina ou administrativo en solo urbano como uso permitido.

CONFIGURACIÓN: o local se atopa, en planta baixa do edificio: Con acceso directo dende a rúa Atranco e pola parte traseira no resto da parcela do inmovible urbanizada.

SITUACIÓN: o local se atopa en solo urbano do núcleo de Cangas.

SUPERFICIE: se solicita unha superficie de 590 m² - 750 m².

A superficie dos dous locais contan con 390 m² de superficie.

A superficie dos dous locais non chega á superficie mínima solicitada no prego.

CARACTERÍSTICAS DO LOCAL:

O local se atopa sen acondicionar. Se atopa todo ao mesmo nivel que a parcela urbanizada pola parte traseira e sen ningún tipo de chanzo cara a avenida de Ourense, e cara a rúa Atranco hai unha diferenza de altura de 30-40 cm.

Conta coas acometidas.

3-. CONCLUSIÓN

Este local non cumpre cos requisitos de superficie mínima establecido no prego.

OFERTA Nº 3: CLEMENTE BERNARDEZ FONSECA.

1-. DOCUMENTACIÓN DA OFERTA:

Se ofrecen dou locais de dous propietarios distintos:

ANEXO II: Situación do local: RÚA A Guarda, 13. Cangas.
 Superficie: 500 m2
 PREZO: 420.000 €

DESCRIPCIÓN DOS LOCAIS NO REXISTRO DA PROPIEDAD:

Planta de semisoto destinado a usos comerciais e/ou industriais. Conta con 500 m2 construídos.

2-. INFORME E ANÁLISE DA OFERTA.

Se realizada visita ao inmovible da oferta presentada o día 19 de decembro de 2018, acompañada por persoal da consellería de Economía, Emprego e Industria.

A continuación se procede a realizar unha análise da documentación técnica presentada no sobre B e a do resultado da visita:

USO: as normas subsidiarias de Cangas prevé o uso de oficina ou administrativo en solo urbano como uso permitido.

CONFIGURACIÓN: o local se atopa, en planta semisoto do edificio: Con acceso directo dende a rúa a Guardia.

SITUACIÓN: o local se atopa en solo urbano do núcleo de Cangas.

SUPERFICIE: se solicita unha superficie de 590 m2 - 750 m2.

A superficie do local conta con 500 m2 de superficie construída, polo que non chega á superficie mínima.

CARACTERÍSTICAS DO LOCAL:

O local se atopa sen acondicionar e conta con fachada a tres rúas pero so se pode realizar acceso pola rúa a Guardia aproveitando a pendente das rúas. O solo do local se atopa a unha cota inferior ao nivel de rúa de 0,86 cm na zona mais favorable do local. Na zona mais desfavorable se atopa practicamente a totalidade da altura baixo o nivel da rúa.

Conta coas acometidas.

3-. CONCLUSIÓN

Este local non cumpre cos requisitos de superficie mínima nin que sexa local de planta baixa e que se atope o chan terminado do local a nivel de rúa.

Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2018.

Araceli Feal Salido



Servizo de Investigación Patrimonial e Obras.